



**ACTA XUNTA DE GOBERNO**  
**SESIÓN ORDINARIA DE SETE DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS**  
**(ACTA NÚMERO 38)**

**Presidente:**

D. José Tomé Roca

**Sres/as. Deputados/as:**

D<sup>a</sup>. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D<sup>a</sup>. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luis Raposo Magdalena

D<sup>a</sup>. Mónica Freire Rancaño

**Secretario:**

D. José Antonio Mourelle Cillero

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **sete de outubro de dous mil vinte e dous**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora dona Rosa Abelleira Fernández.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA TRINTA DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.**

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día trinta de setembro de dous mil vinte e dous que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

**2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS E SERVIZOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO A EXCEPCIÓN DAS DEPENDENTES DO PARQUE MÓBIL.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 30 de outubro de 2022, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

1. Informe xustificativo dos criterios de adxudicación, con CSV: IV7D6OPPJJFZM3NGO5UMFGEDH6E1.

2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7D6726BLRLJ2WM5RNCP77HAA.

3. Prego de prescricións técnicas, asinado pola Xefa da Unidade de Proxectos (Lote I), CSV: IV7D6727DEN2RFN44IQBCMJO4A.

4. Prego de prescricións técnicas, asinado polo Xefe do Servizo de Vías e Obras (Lote II), CSV: IV7D6724JYBSRD74YEPMIZBVLY.

5. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7D6D3KOH6M55M7AEGUP7XUF4.

---

<sup>1</sup>Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7D7QJ6EBJLZTB2YROQ4IZSI4.

7. Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7D7QJ7PY5CJOODC4ODH4YC6M.

8. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7D7QP6LPVPXWJOQZWDL7YG44.

9. Acordo de Xunta de Goberno do día 23 de xuño de 2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7DY63YJLVZR2XT4ZF4OYYRMI.

10. Anuncio de licitación enviado ao Diario Oficial da Unión Europea o día 28 de de xuño de 2022.

11. Anuncio de licitación e pregos, publicados na Plataforma de Contratación do Sector Público o día 30 de xuño de 2022.

12. Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.

13. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 12 de agosto de 2022, con CSV: IV7AULHSL3R2QTFZSL6RH5XB4Q, na que se recolle o seguinte:

“Pola Presidencia dáse conta que, no Servizo de Contratación, con carácter previo á constitución da Mesa, de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura dos sobres que conteñen a declaración de cumprimento de requisitos previos dos licitadores concorrentes a esta licitación que, segundo os datos obrantes na plataforma de contratación do sector público, son os seguintes:

APPLUS NORCONTROL S.L.U.	LOTE 1 E LOTE 2
ATENEA, S.A.U.	LOTE 1 E LOTE 2
CERES GESTION SECTORIAL, S.L.	LOTE 1 E LOTE 2
CUALTIS S.L.U.	LOTE 1 E LOTE 2
IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD S.L.	LOTE 1 E LOTE 2
INCOPE CONSULTORES, S.L.	LOTE 1 E LOTE 2
INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.	LOTE 1 E LOTE 2
INVESTIGACIÓN Y CONTROL DE CALIDAD, S.A.U. (INCOSA)	LOTE 1 E LOTE 2
NORVALIA SOLUCIONES MULTISERVICIOS S.L.U.	LOTE 1
OCA INSPECCIÓN, CONTROL Y PREVENCIÓN, S.A.U.	LOTE 1 E LOTE 2
PREVISONOR S.L.	LOTE 1 E LOTE 2

Dada conta ao órgano de asistencia, a través da súa presidencia, de ditas actuacións previas, enterado este, e considerando que todas as empresas concorrentes presentaron dentro do prazo concedido a tales efectos as súas propostas, a mesa de contratación acorda admitir as ofertas presentadas por todos os licitadores, procedendo acto seguido á cualificación dos sobres electrónicos, co seguinte resultado: Os Anexos I presentados polas empresas axústanse aos requisitos recollidos no PCAP.

Acto seguido procedeuse á apertura dos sobres que conteñen os criterios cuantificables mediante cifras, porcentaxes ou valores automáticos, sendo as ofertas presentadas polas licitadoras as seguintes:

LOTE 1 LICITADORES	CRITERIO 1: Oferta económica	CRITERIO 2: Emprego feminino	CRITERIO 3: Especialidades adicionais	CRITERIO 4: Redacción informes suficiencia de documentación	CRITERIO 5: Redacción informes revisión seguridade
APPLUS NORCONTROL S.L.U.	4,30%	2 ou 3 mulleres	3 coordinadores especialidade hixiene industrial e ergonómia	20	18
ATENEA, S.A.U.	5,00%	2 ou 3 mulleres	3 coordinadores especialidade hixiene industrial e ergonómia	20	18
CERES GESTION SECTORIAL, S.L.	15,00%	1 muller	2 coordinadores especialidade hixiene industrial e ergonómia	20	18
CUALTIS S.L.U.	1,00%	2 ou 3 mulleres	3 coordinadores especialidade hixiene industrial e ergonómia	20	18
IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD S.L.	36,52%	2 ou 3 mulleres	3 coordinadores especialidade hixiene industrial e ergonómia	20	18
INCOPE CONSULTORES, S.L.	35,00%	2 ou 3 mulleres	3 coordinadores especialidade hixiene industrial e ergonómia	20	18
INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.	20,52%	2 ou 3 mulleres	3 coordinadores especialidade hixiene industrial e ergonómia	20	18
INVESTIGACIÓN Y CONTROL DE CALIDAD, S.A.U. (INCOSA)	5,00%	1 muller	3 coordinadores especialidade hixiene industrial e ergonómia	20	18
NORVALIA SOLUCIONES MULTISERVICIOS S.L.U.	39,95%	2 ou 3 mulleres	3 coordinadores especialidade hixiene industrial e ergonómia	20	18
OCA INSPECCIÓN, CONTROL Y PREVENCIÓN, S.A.U.	39,58%	2 ou 3 mulleres	3 coordinadores especialidade hixiene industrial e ergonómia	20	18
PREVISIONOR S.L.	29,00%	2 ou 3 mulleres	3 coordinadores especialidade hixiene industrial e ergonómia	20	18

LOTE 2 LICITADORES	CRITERIO 1: Oferta económica	CRITERIO 2: Emprego feminino	CRITERIO 3: Especialidades adicionais	CRITERIO 4: Adecuación titulación	CRITERIO 5: Redacción informes suficiencia de documentación	CRITERIO 6: Redacción informes revisión seguridade
APPLUS NORCONTROL S.L.U.	4,30%	2 ou 3 mulleres	3 coordinadores especialidade seguridade no traballo, hixiene industrial e ergonómia	2 técnicos	57	15
ATENEA, S.A.U.	36,50%	2 ou 3 mulleres	3 coordinadores especialidade seguridade no traballo, hixiene industrial e ergonómia	2 técnicos	57	15
CERES GESTION SECTORIAL, S.L.	15,00%	1 muller	1 coordinador especialidade seguridade traballo 2 coordinadores especialidade seguridade no traballo, hixiene industrial e ergonómia	1 técnico	57	15
CUALTIS S.L.U.	1,00%	2 ou 3 mulleres	3 coordinadores especialidade seguridade no traballo, hixiene industrial e ergonómia	0 técnicos	50	15
IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD S.L.	36,72%	2 ou 3 mulleres	3 coordinadores especialidade seguridade no traballo, hixiene industrial e ergonómia	2 técnicos	57	15
INCOPE CONSULTORES, S.L.	37,00%	2 ou 3 mulleres	3 coordinadores especialidade seguridade no traballo, hixiene industrial e ergonómia	2 técnicos	57	15



LOTE 2 LICITADORES	CRITERIO 1: Oferta económica	CRITERIO 2: Empleo feminino	CRITERIO 3: Especialidades adicionais	CRITERIO 4: Adecuación titulación	CRITERIO 5: Redacción informes suficiencia de documentación	CRITERIO 6: Redacción informes revisión seguridade
INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.	18,14%	2 ou 3 mulleres	3 coordinadores especialidade seguridade no traballo, hixiene industrial e ergonómia	2 técnicos	57	15
INVESTIGACIÓN Y CONTROL DE CALIDAD, S.A.U. (INCOSA)	10,00%	2 ou 3 mulleres	3 coordinadores especialidade seguridade no traballo, hixiene industrial e ergonómia	2 técnicos	57	15
OCA INSPECCIÓN, CONTROL Y PREVENCIÓN, S.A.U.	39,55%	2 ou 3 mulleres	3 coordinadores especialidade seguridade no traballo, hixiene industrial e ergonómia	2 técnicos	57	15
PREVISONOR S.L.	29,00%	2 ou 3 mulleres	3 coordinadores especialidade seguridade no traballo, hixiene industrial e ergonómia	0 técnicos	57	15

Acto seguido procédese á valoración das ofertas, co seguinte resultado:

LOTE 1 LICITADORES	CRITERIO 1: Oferta económica	CRITERIO 2: Empleo feminino	CRITERIO 3: Especialidades adicionais	CRITERIO 4: Redacción informes suficiencia de documentación	CRITERIO 5: Redacción informes revisión seguridade	PUNTUACIÓN TOTAL
APPLUS NORCONTROL S.L.U.	5,27	15	9	7,5	19,5	56,27
ATENEA, S.A.U.	6,13	15	9	7,5	19,5	57,13
CERES GESTION SECTORIAL, S.L.	18,40	7,5	6	7,5	19,5	58,9
CUALTIS S.L.U.	1,23	15	9	7,5	19,5	52,23
IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD S.L.	44,79	15	9	7,5	19,5	95,79
INCOPE CONSULTORES, S.L.	42,93	15	9	7,5	19,5	93,93
INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.	25,17	15	9	7,5	19,5	76,17
INVESTIGACIÓN Y CONTROL DE CALIDAD, S.A.U. (INCOSA)	6,13	7,5	9	7,5	19,5	49,63
NORVALIA SOLUCIONES MULTISERVICIOS S.L.U.	49	15	9	7,5	19,5	100
OCA INSPECCIÓN, CONTROL Y PREVENCIÓN, S.A.U.	48,55	15	9	7,5	19,5	99,55
PREVISONOR S.L.	35,57	15	9	7,5	19,5	86,57

LOTE 2 LICITADORES	CRITERIO 1: Oferta económica	CRITERIO 2: Empleo feminino	CRITERIO 3: Especialidades adicionais	CRITERIO 4: Adecuación titulación	CRITERIO 5: Redacción informes suficiencia de documentación	CRITERIO 6: Redacción informes revisión seguridade	PUNTUACIÓN TOTAL
APPLUS NORCONTROL S.L.U.	5,33	15	13,5	5	7,5	10	56,33
ATENEA, S.A.U.	45,22	15	13,5	5	7,5	10	96,22
CERES GESTION SECTORIAL, S.L.	18,58	7,5	10,5	2,5	7,5	10	56,58
CUALTIS S.L.U.	1,24	15	13,5	0	6,58	10	46,32
IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD S.L.	45,49	15	13,5	5	7,5	10	96,49
INCOPE CONSULTORES, S.L.	45,84	15	13,5	5	7,5	10	96,84
INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.	22,47	15	13,5	5	7,5	10	73,47
INVESTIGACIÓN Y CONTROL DE CALIDAD, S.A.U. (INCOSA)	12,39	15	13,5	5	7,5	10	63,39
OCA INSPECCIÓN, CONTROL Y PREVENCIÓN, S.A.U.	49	15	13,5	5	7,5	10	100
PREVISONOR S.L.	35,93	15	13,5	0	7,5	10	81,93

Acto seguido procédese á comprobación de se algunha das propostas está incursa en valores anormais ou desproporcionados, en aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, cos seguintes resultados:

LOTE 1: OFERTAS PRESENTADAS	Importe Oferta	Importe de la Baja	Porcentaje de Baja sobre precio base licitación	Primer Filtro	¿Baja Temeraria?
APPLUS NORCONTROL S.L.U.	69.934,28	3.142,29	4,3000%	No se incluye	No es Baja Temeraria
ATENEA, S.A.U.	69.422,74	3.653,83	5,0000%	No se incluye	No es Baja Temeraria
CERES GESTION SECTORIAL, S.L.	62.115,08	10.961,49	15,0000%	Se incluye	No es Baja Temeraria
CUALTIS S.L.U.	72.345,80	730,77	1,0000%	No se incluye	No es Baja Temeraria
IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD S.L.	46.389,01	26.687,56	36,5200%	Se incluye	No es Baja Temeraria
INCOPE CONSULTORES, S.L.	47.499,77	25.576,80	35,0000%	Se incluye	No es Baja Temeraria
INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.	58.081,26	14.995,31	20,5200%	Se incluye	No es Baja Temeraria
INVESTIGACIÓN Y CONTROL DE CALIDAD, S.A.U. (INCOSA)	69.422,74	3.653,83	5,0000%	No se incluye	No es Baja Temeraria
NORVALIA SOLUCIONES MULTISERVICIOS S.L.U.	43.882,48	29.194,09	39,9500%	Se incluye	Es Baja Temeraria
OCA INSPECCIÓN, CONTROL Y PREVENCIÓN, S.A.U.	44.152,86	28.923,71	39,5800%	Se incluye	Es Baja Temeraria
PREVISONOR S.L.	51.884,36	21.192,21	29,0000%	Se incluye	No es Baja Temeraria
Medias calculadas	57.739,13	15.337,44	30,80%	50.572,12	Media Ofertas incluidas
Porcentaje de Baja a partir del cual se considera BAJA TEMERARIA e importe de la oferta, en valores absolutos, a partir del cual tiene esa consideración (Media Aritmética Ofertas incluidas menos 10 unidades porcentuales)			37,72%	45.514,91	

Lote 2 OFERTAS PRESENTADAS	Importe Oferta	Importe de la Baja	Porcentaje de Baja sobre precio base licitación	Primer Filtro	¿Baja Temeraria?
APPLUS NORCONTROL S.L.U.	210.497,80	9.458,10	4,3000%	No se incluye	No es Baja Temeraria
ATENEA, S.A.U.	139.672,00	80.283,90	36,5000%	Se incluye	No es Baja Temeraria
CERES GESTION SECTORIAL, S.L.	186.962,52	32.993,38	15,0000%	Se incluye	No es Baja Temeraria
CUALTIS S.L.U.	217.756,34	2.199,56	1,0000%	No se incluye	No es Baja Temeraria
IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD S.L.	139.188,09	80.767,81	36,7200%	Se incluye	No es Baja Temeraria
INCOPE CONSULTORES, S.L.	138.572,22	81.383,68	37,0000%	Se incluye	No es Baja Temeraria
INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.	180.055,90	39.900,00	18,1400%	Se incluye	No es Baja Temeraria
INVESTIGACIÓN Y CONTROL DE CALIDAD, S.A.U. (INCOSA)	197.960,31	21.995,59	10,0000%	No se incluye	No es Baja Temeraria
OCA INSPECCIÓN, CONTROL Y PREVENCIÓN, S.A.U.	132.963,34	86.992,56	39,5500%	Se incluye	Es Baja Temeraria
PREVISONOR S.L.	156.168,69	63.787,21	29,0000%	Se incluye	No es Baja Temeraria
Medias calculadas	169.979,72	49.976,18	30,27%	153.368,97	Media Ofertas incluidas
Porcentaje de Baja a partir del cual se considera BAJA TEMERARIA e importe de la oferta, en valores absolutos, a partir del cual tiene esa consideración (Media Aritmética Ofertas incluidas menos 10 unidades porcentuales)			37,25%	138.032,07	

Á vista dos resultados, a Mesa de Contratación acorda, de conformidade co establecido no artigo 149 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP) e cláusula 13 do PCAP, conceder o trámite de audiencia ás empresas Norvalia Soluciones Multiservicios S.L.U. (Lote 1) e OCA Inspección, Control y Prevención, S.A.U. (Lote1 e Lote 2), para que no prazo de 5 días hábiles, xustifique e desglose razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos, custes ou calquera outro, para valoración da súa oferta, e precise as súas condicións, nos aspectos particularmente sinalados no apartado 4 do artigo 149 da LCSP, que ao respecto sinala: "... en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción; as solucións técnicas adoptadas e as condicións



excepcionalmente favorables de que dispoña para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras; a innovación e orixinalidade das solucións propostas para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras; o respecto de obrigas que resulten aplicables, en materia medioambiental, social ou laboral e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por debaixo do mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 LCSP; ou a posible obtención dunha axuda do Estado”, ademais do establecido na cláusula decimo terceira do PCAP que rexe a contratación deste servizo.

Acórdase que polo Servizo de Contratación se efectúen os trámites de xustificación de oferta desproporcionada existente e se convoque novamente á Mesa para exame do preceptivo informe técnico”

14. Audiencia ás empresas OCA Inspección, Control y Prevención S.A.U. e Norvalia Soluciones Multiservicios S.L.U., remitidas a través da plataforma de contratación do sector público o día 18 de agosto de 2022.

15. Resolución da Presidencia do día 12 de setembro de 2022, con CSV: IV7ARUCDIFPM4ROISN7CAIDF4E, pola que se acepta a proposta da mesa de contratación, se clasifica aos licitadores, e se insta ó requirimento da documentación á que se refire o artigo 150 da LCSP aos mellor clasificados para cada lote.

16. Consta no expediente requirimento de documentación administrativa, cursado polo Servizo de Contratación e Fomento a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 13 de setembro de 2022.

17. Documentación administrativa presentada a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

18. Acta da mesa de contratación do día 08 de setembro de 2022, con CSV: IV7AQK2CDEB76TV26EMGEXZXEU, na que se recolle o seguinte:

“Pola Presidencia dáse conta que, a mesa de contratación na sesión celebrada o día 12 de agosto de 2022, acordou requirir ás empresas Norvalia Soluciones Multiservicios S.L.U. (Lote 1) e OCA Inspección, Control y Prevención, S.A.U. (Lote 1 e Lote 2), a xustificación do baixo nivel dos prezos ofertados.

O día 18 de agosto, deuse traslado – a través da plataforma de contratación do sector público- ás referidas empresas do trámite de xustificación de oferta anormalmente baixa. As tres empresas presentaron en prazo documentación co obxecto de xustificar a baixada ofertada.

No tocante ao lote 1, a Unidade de Proxectos, emitiu informes o día 05 de setembro de 2022, nos que se conclúe que a xustificación presentada pola empresa Norvalia Soluciones Multiservicios S.L.U. non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos e custos propostos por non ter en conta a totalidade dos gastos previstos na licitación do contrato, así segundo se recolle no referido informe “O importe empregado para o cálculo dos gastos de persoal non inclúe os custes de Seguridade Social da empresa, xa que suma salario base, gratificacións extraordinarias e plus convenio. Tampouco se teñen en conta os custes de desprazamento para as visitas a obra, que no prego se valoran tendo en conta un total de 5 horas de vehículo tipo turismo a un prezo de 5,95 €/h, e que segundo a estimación do PPTP (320 informes quincenais) supón un custo de 7.920 euros”. Polo que se refire á xustificación presentada pola mercantil OCA Inspección, Control y Prevención SAU, consta no expediente informe da Unidade de Proxectos do día 05 de setembro de 2022, no que se recolle que non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos e custos propostos “dado que non ten en conta o acordo sobre retribución, salarios base e complementos aplicable no convenio colectivo de servizos de prevención alleos”.

No relativo ao lote 2, O Servizo de Vías e Obras emitiu informe, con CSV: IV7AXWY7YEXC7G7PSFVSEBDRG4, no que conclúe que a xustificación presentada pola mercantil OCA Inspección, Control y Prevención SAU non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos e custos propostos “dado que non ten en conta o acordo sobre retribución, salarios base e complementos aplicable no convenio colectivo de servizos de prevención alleos”.

A mesa acorda aceptar e facer seus os informes da Unidade de Proxectos e do Servizo de Vías e Obras, incorporados ao expediente.





Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, elevar ao órgano de contratación o seguinte acordo:

Lote 1:

1º.- Excluir a proposta presentada pola empresa Norvalia Soluciones Multiservicios S.L.U., asumindo como propio o informe realizado pola Unidade de Proxectos, por non xustificar suficientemente o baixo nivel de prezos ofertado.

Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite contemplado no artigo 44.2 da LCSP, procede interpoñer – con carácter potestativo- recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, con enderezo en <https://tacgal.xunta.gal/>. A iniciación do procedemento para a interposición do recurso especial en materia de contratación está prevista no artigo 50 da LCSP, sendo o prazo de interposición de 15 días hábiles, contados dende o día seguinte a aquel en que se teña coñecemento do acto, de conformidade coa D.A.15º da LCSP.

2º.- Excluir a proposta presentada pola empresa OCA Inspección, Control y Prevención SAU, asumindo como propio o informe realizado pola Unidade de Proxectos, por non xustificar suficientemente o baixo nivel de prezos ofertado.

Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite contemplado no artigo 44.2 da LCSP, procede interpoñer – con carácter potestativo- recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, con enderezo en <https://tacgal.xunta.gal/>. A iniciación do procedemento para a interposición do recurso especial en materia de contratación está prevista no artigo 50 da LCSP, sendo o prazo de interposición de 15 días hábiles, contados dende o día seguinte a aquel en que se teña coñecemento do acto, de conformidade coa D.A.15º da LCSP.

3º.- Clasificar as ofertas admitidas atendendo á seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº DE ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
1	IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD S.L.	95,79
2	INCOPE CONSULTORES, S.L.	93,93
3	PREVISIONOR S.L.	86,57
4	INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.	76,17
5	CERES GESTION SECTORIAL, S.L.	58,9
6	ATENEA, S.A.U.	57,13
7	APPLUS NORCONTROL S.L.U.	56,27
8	CUALTIS S.L.U.	52,23
9	INVESTIGACIÓN Y CONTROL DE CALIDAD, S.A.U. (INCOSA)	49,63

4º.- Requerir á empresa Ibersys Seguridad y Salud S.L., para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva por importe de 3.653,83 euros, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.

Lote 2:

1º.- Excluir a proposta presentada pola empresa OCA Inspección, Control y Prevención SAU, asumindo como propio o informe realizado polo Servizo de Vías e Obras, por non xustificar suficientemente o baixo nivel de prezos ofertado.

Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite contemplado no artigo 44.2 da LCSP, procede interpoñer – con carácter potestativo- recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, con



enderezo en <https://tacgal.xunta.gal/>. A iniciación do procedemento para a interposición do recurso especial en materia de contratación está prevista no artigo 50 da LCSP, sendo o prazo de interposición de 15 días hábiles, contados dende o día seguinte a aquel en que se teña coñecemento do acto, de conformidade coa D.A.15º da LCSP.

2º.- Clasificar as ofertas admitidas atendendo á seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº DE ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
1	INCOPE CONSULTORES, S.L.	96,84
2	IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, S.L.	96,49
3	ATENEA, S.A.U	96,22
4	PREVISIONOR, S.L.	81,93
5	INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.	73,47
6	INVESTIGACIÓN Y CONTROL DE CALIDAD, S.A.U. (INCOSA)	63,39
7	CERES GESTIÓN SECTORIAL, S.L.	56,58
8	APPLUS NORCONTROL, S.L.U	56,33
9	CUALTIS S.L.U.	46,32

3º.-Requirir á empresa Incope Consultores S.L., para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva por importe de 10.997,80 euros, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.”

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 30 de setembro de 2022, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase de que as licitadoras propostas como adxudicatarias presentaron en prazo a documentación obxecto de estudo.

Incorpórase ao expediente bastanteo do representante de Ibersys Seguridad y Salud S.L.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles dá acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer máis observacións neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar a contratación por lotes dos servizos de coordinación de seguridade e saúde das obras e servizos da Deputación de Lugo, a excepción das dependentes do Parque Móbil, expediente 2022/CON\_02/000046, aos adxudicatarios e polos importes que se indican acto seguido:

LOTE	LICITADOR	IMPORTE ADXUDICACIÓN. IVE INCLUÍDO	INFORMES DE SUFICIENCIA	INFORMES DE REVISIÓN
LOTE 1: Servizos de coordinación de seguridade e saúde na execución de obras e servizos da Deputación de Lugo, a excepción dos servizos de Vías e Obras e do Parque Móbil.	IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD S.L.	73.076,57 €.	20	18
LOTE 2: Servizos de coordinación de seguridade e saúde na execución de obras e servizos baixo a dirección facultativa do Servizo de Vías e Obras da Deputación de Lugo.	INCOPE CONSULTORES S.L.	219.955,90 €.	57	15

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, propónse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar a contratación a contratación por lotes dos servizos de coordinación de seguridade e saúde das obras e servizos da Deputación de Lugo, a excepción das dependentes do Parque Móbil, expediente 2022/CON\_02/000046, aos adxudicatarios e polos importes que se indican acto seguido:

LOTE	LICITADOR	IMPORTE ADXUDICACIÓN. IVE INCLUÍDO	INFORMES DE SUFICIENCIA	INFORMES DE REVISIÓN
LOTE 1: Servizos de coordinación de seguridade e saúde na execución de obras e servizos da Deputación de Lugo, a excepción dos servizos de Vías e Obras e do Parque Móbil.	IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD S.L.	73.076,57 €.	20	18
LOTE 2: Servizos de coordinación de seguridade e saúde na execución de obras e servizos baixo a dirección facultativa do Servizo de Vías e Obras da Deputación de Lugo.	INCOPE CONSULTORES S.L.	219.955,90 €.	57	15



2º.- O orzamento distribúese atendendo ao seguinte desglose:

O importe total de adjudicación finánciase conforme as seguintes anualidades:

	Aplic. Orzam.	Importe 2022	Documento contable RC	Importe 2023	Documento contable RC	Importe 2024	Documento contable RC
Lote 1	9200.22706	9.134,57	22022/19737	36.538,29	220229/348	27.403,71	220229/348
Lote 2	4500.22706	27.494,49	22022/19738	109.977,95	220229/349	82.483,46	220229/349

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2023 e 2024 as cantidades indicadas nas aplicacións sinaladas.

3º.- A duración deste contrato é de 2 anos, con posibilidade de prórroga por outro ano. O prazo comezará a contar a partir do día seguinte ao da subscrición da acta de inicio do contrato, ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato, salvo circunstancias excepcionais non previstas, en aplicación do artigo 153 da LCSP.

4º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

5º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adjudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

6º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adjudicación aos licitadores, sen que se houberse interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparelada a suspensión da formalización.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

### **3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPAMENTO PARA O CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE RIBAS DE SIL.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a acta da mesa de contratación do día 30 de setembro de 2022, na que se recolle o seguinte:

Antecedentes:

- 1.- Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7D43D4B54NSSFOYNXFCMZXH4<sup>2</sup>.
- 2.- Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7D4X3KND4Z2SBDQRNMAJHVKY.
- 3.- Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV:IV7D4GJZPIHTKXOOUMIEK72BO4.
- 4.- Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7D4IB7FT5C7RBSWEXQAMQ6B4.
- 5.- Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV:IV7D4IB5OB5N7NPPXVOMG4ITIU.
- 6.- Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7D4OLCZ5PC5XG2DVFTI4TDCM.
- 7.- Informe de fiscalización/intervención previa limitada del expediente, con CSV: IV7F2XKZJNGMRBGS6QFWINHHOM.
- 8.- Proposta de Presidencia, con CSV IV7D5TD6DP53L6NDYN6SKYKGAI.
- 9.- Acordo da Xunta de Goberno de data 10 de xuño de 2022, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7D6WHOPAOOUXPJSBQD4ZL7OQ.

---

<sup>2</sup>Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



10.- Acta da Mesa de Contratación do día 19 de xullo de 2022, con CSV IV7DE4I6ZBPMT5GMAIED5ZCRGQ, que acordou o seguinte:

En primeiro lugar dáse conta aos asistentes de que segundo os datos obrantes na plataforma de contratación do sector público os licitadores concorrentes son os seguintes:

LICITADORES	LOTES AOS QUE SE PRESENTA
ALARSA HOSTELERA S.L.	3,4
COMERCIAL CASAL S.L.	3,4
GALMEDICA S.L.	2
GARRIC MEDICA S.L.	2
INDUSTRIAS HIDRÁULICAS PARDO S.L.	1
INDUX INTEGRA S.L.	3,4
MARIÑA CLIMA S.L.	3,4
PAZ DISMAC S.L.	5
RAFITEXTIL DTT 3,8 SLU	5
SOMEDE SUMINISTROS SANITARIOS S.L.U	1,5
COMERCIAL JELU S.L.U.	4
TOTAL EKIP S.L.	2,5

Considerando que todas as empresas concorrentes presentaron dentro do prazo concedido a tales efectos as súas propostas, a mesa de contratación acorda admitir as ofertas presentadas, procedendo acto seguido á cualificación dos sobres electrónicos “A”, resultando que todas as empresas concorrentes presentan o Anexo I de conformidade cos requisitos esixidos nos PCAP. Acto seguido, procédese á apertura do sobre B, relativo aos criterios de adxudicación avaliábeis automaticamente mediante fórmulas matemáticas, cos seguintes resultados:

Lote 1: Mobiliario xeral.

LICITADORES	PREZO OFERTADO	NOTA PREZO	GARANTÍA	NOTA GARANTÍA	NOTA TOTAL
INDUSTRIAS HIDRÁULICAS PARDO S.L.	131.390 €	85	5	15	100
SOMEDE SUMINISTROS SANITARIOS S.L.U.	131.630,94 €	84,84	5	15	99,84

A mesa de contratación comproba que ningunha das propostas está incurso en valores anormais ou desproporcionados en aplicación do establecido na cláusula décimo terceira do PCAP e no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP.

Lote 2: Equipos médicos e axudas técnicas.

LOTE 2					
LICITADORES	PREZO OFERTADO	NOTA PREZO	GARANTÍA	NOTA GARANTÍA	NOTA TOTAL
GALMEDICA S.L.	34.999,00 €	69,4	5	15	84,4
GARRIC MEDICA S.L.	34.464,77 €	70,47	5	15	85,47
TOTAL EKIP S.L.	28.574,57 €	85	5	15	100

Acto seguido procédese á comprobación de se algunha das propostas está incursa en valores anormais ou desproporcionados, en aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, cos seguintes resultados:

Ofertas presentadas	Importe Oferta	Importe de la Baja	Porcentaje de Baja sobre precio base licitación	Primer Filtro (>10 unds. a la media)	Segundo Filtro de Baja Temeraria (< 10 unds a la media de las ofertas)
GALMEDICA S.L	34.999,00	3.507,00	9,11%	Se incluye	No es Baja Temeraria
GARRIC MEDICA S.L.	34.464,77	4.041,23	10,50%	Se incluye	No es Baja Temeraria
TOTAL EKIP S.L.	28.574,57	9.931,43	25,79%	Se incluye	Es Baja Temeraria
Media de las Ofertas Presentadas incluidas	32.679,45	5.826,55	15,13%	32.679,45	
Media Aritmética menos 10 unidades porcentuales			23,62%	29.411,50	

Á vista dos resultados, a Mesa de Contratación acorda, de conformidade co establecido no artigo 149 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP) e cláusula 13 do PCAP, conceder o trámite de audiencia á empresa Total Ekip S.L., para que no prazo de 5 días hábiles, xustifique e desglose razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos, custes ou calquera outro, para valoración da súa oferta, e precise as súas condicións, nos aspectos particularmente sinalados no apartado 4 do artigo 149 da LCSP, que ao respecto sinala: “... en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción; as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras; a innovación e orixinalidade das solucións propostas para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras; o respecto de obrigas que resulten aplicables, en materia medioambiental, social ou laboral e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por debaixo do mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 LCSP; ou a posible obtención dunha axuda do Estado”, ademais do establecido na cláusula decimo terceira do PCAP que rexe a contratación deste servizo.

Acórdase que polo Servizo de Contratación se efectúen os trámites de xustificación de oferta desproporcionada existente e se convoque novamente á Mesa para exame do preceptivo informe técnico.

### Lote 3: Lavandaría

LICITADORES	PREZO OFERTADO	NOTA PREZO	GARANTÍA	NOTA GARANTÍA	NOTA TOTAL
ALARSA HOSTELERÍA S.L.	49.828,59 €	82,19	5	15	97,19
COMERCIAL CASAL S.L.	48.180,00 €	85	3	5	90
INDUX INTEGRAL S.L.	51.000,00 €	80,3	5	15	95,3
MARIÑA CLIMA S.L.	49.262,25 €	83,13	5	15	98,13





A mesa de contratación comproba que ningunha das propostas está incursa en valores anormais ou desproporcionados en aplicación do establecido na cláusula décimo terceira do PCAP e no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP.

Lote 4: Cociña.

LICITADORES	PREZO OFERTADO	NOTA PREZO	GARANTÍA	NOTA GARANTÍA	NOTA TOTAL
ALARSA HOSTELERÍA S.L.	65.252,29 €	75,03	5	15	90,03
COMERCIAL CASAL S.L.	63.214,00 €	77,45	3	5	82,45
INDUX INTEGRA S.L.	66.200,00 €	73,96	5	15	88,96
MARIÑA CLIMA	63.213,95 €	77,45	5	15	92,45
COMERCIAL JELU S.L.U.	57.600,00 €	85	5	15	100

Acto seguido procédese á comprobación de se algunha das propostas está incursa en valores anormais ou desproporcionados, en aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, cos seguintes resultados:

Ofertas Presentadas	Importe Oferta	Importe de la Baja	Porcentaje de Baja sobre precio base licitación	Primer Filtro	¿Baja Temeraria?
ALARSA HOSTELERÍA S.L.	65.252,29	1.288,71	1,9367%	Se incluye	No es Baja Temeraria
COMERCIAL CASAL S.L.	63.214,00	3.327,00	4,9999%	Se incluye	No es Baja Temeraria
INDUX INTEGRA S.L.	66.200,00	341,00	0,5125%	Se incluye	No es Baja Temeraria
MARIÑA CLIMA	63.213,95	3.327,05	5,0000%	Se incluye	No es Baja Temeraria
COMERCIAL JELU S.L.U.	57.600,00	8.941,00	13,4368%	Se incluye	Es Baja Temeraria
Medias calculadas	63.096,05	3.444,95	5,18%	64.470,06	Media Ofertas incluidas
Porcentaje de Baja a partir del cual se considera BAJA TEMERARIA e importe de la oferta, en valores absolutos, a partir del cual tiene esa consideración (Media Aritmética Ofertas incluidas menos 10 unidades porcentuales)			12,80%	58.023,05	

Á vista dos resultados, a Mesa de Contratación acorda, de conformidade co establecido no artigo 149 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP) e cláusula 13 do PCAP, conceder o trámite de audiencia á empresa Comercial Jelu S.L.U., para que no prazo de 5 días hábiles, xustifique e desglose razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos, custes ou calquera outro, para valoración da súa oferta, e precise as súas condicións, nos aspectos particularmente sinalados no apartado 4 do artigo 149 da LCSP, que ao respecto sinala: "... en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción; as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras; a innovación e orixinalidade das solucións propostas para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras; o respecto de obrigas que resulten aplicables, en

materia medioambiental, social ou laboral e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por debaixo do mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 LCSP; ou a posible obtención dunha axuda do Estado”, ademais do establecido na cláusula decimo terceira do PCAP que rexe a contratación deste servizo.

Acórdase que polo Servizo de Contratación se efectúen os trámites de xustificación de oferta desproporcionada existente e se convoque novamente á Mesa para exame do preceptivo informe técnico.

#### Lote 5: Cortinaxe.

LICITADORES	PREZO OFERTADO	NOTA PREZO	GARANTÍA	NOTA GARANTÍA	NOTA TOTAL
PAZ DISMAC S.L.	12.884,79 €	70,6	5	15	85,6
RAFITEXTIL DTT 3,8 S.L.U	15.184,50 €	59,91	5	15	74,91
SOMEDE SUMINISTROS SANITARIOS S.L.U	10.702,42 €	85	5	15	100
TOTAL EKIP S.L.	11.388,92 €	79,88	5	15	94,88

A mesa de contratación comproba que ningunha das propostas está incurso en valores anormais ou desproporcionados en aplicación do establecido na cláusula décimo terceira do PCAP e no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP.

Polo que vai dita mesa de contratación, acorda elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta:

1º.- Clasificar aos licitadores presentados, atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

LOTE 1: MOBILIARIO XERAL		
Nº ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	INDUSTRIAS HIDRÁULICAS PARDO S.L.	100
2	SOMEDE SUMINISTROS SANITARIOS S.L.U.	99,84

LOTE 3: LAVANDARÍA		
Nº ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	MARIÑA CLIMA S.L.	98,13
2	ALARSA HOSTELERÍA S.L.	97,19
3	INDUX INTEGRA S.L.	95,3
4	COMERCIAL CASAL S.L.	90



LOTE 5: CORTINAXE		
Nº ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	SOMEDE SUMINISTROS SANITARIOS S.L.U	100
2	TOTAL EKIP S.L.	94,88
3	PAZ DISMAC S.L.	85,6
4	RAFITEXTIL DTT 3,8 S.L.U	74,91

2º.- Requiritir ás empresas que se relacionan a continuación para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presenten, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

LICITADOR	LOTE	PREZO DE ADXUDICACIÓN	IMPORTE DA GARANTÍA DEFINITIVA 5%
INDUSTRIAL HIDRÁULICAS PARDO S.L.	1	131.390,00 €	6.569,50 €
MARIÑA CLIMA S.L.	3	49.262,25 €	2.463,11 €
SOMEDE SUMINISTROS SANITARIOS S.L.U	5	10.702,42 €	535,12 €

11.- Acta da mesa de contratación, reunida en data 12 de agosto de 2022, con CSV IV7AULDNFIWDXVNLS4ECG7ZOCM, que acordou o seguinte:

“Previamente, a mesa de contratación realiza a seguinte apreciación en relación coas licitadoras presentadas á presente licitación. Obsérvase que na proposta presentada pola empresa Garric Médica S.L., con CIF: B80\*\*\*934, figura a proposta presentada pola empresa Unidix Care S.L., con CIF: B84\*\*\*127. Tendo en conta que o Anexo I presentado por Unidix Care S.L. se atopa asinado por D. Pedro Vicente Rico Díaz-Guerra, como representante de Unidix Care S.L., a mesa de contratación aprecia que se debe considerar a proposta presentada pola empresa Unidix Care S.L.

Xa en relación co orde do día, a mesa de contratación, reunida en sesión de 19 de xullo de 2022 acordou que se efectúen os trámites de xustificación de oferta desproporcionada existente e se convoque novamente á mesa para exame do preceptivo informe técnico en relación coas ofertadas

presentadas para o lote 2 pola empresa Total Ekip S.L. e para o lote 4 pola empresa Comercial Jelu S.L.U.

As empresas presentaron en prazo sendas xustificacións, que foron remitidas ao Servizo de Benestar social e Igualdade, emitindo os informes correspondentes a técnica superior de edificacións e obras, Dna. Ana Belén Mera Arias, que conclúen o seguinte:

Informe con CSV IV7DGGRP3UNP5VEY6NXFL5YTCQ, sobre a oferta presentada pola empresa Total Ekip, S.L. para o lote 2: “Polo exposto considerase que coa a información e documentación achegada para a xustificación dos custos do lote 2 queda satisfactoriamente acreditado e xustificado o baixo nivel dos custos propostos por Total Ekip, S.L. sen rebaixar a calidade das prestacións solicitadas no PPT e polo tanto pódese cumprir o mesmo. Por tanto, a xuízo de quen subscribe e coas consideracións feitas neste documento a licitadora Total Ekip, S.L. acredita documentalmente e xustifica razoadamente a oferta económica presentada.”

Informe con CSV IV7DGGQ4JNP4VHNJZQEFKBTHGU oferta presentada pola empresa Comercial Jelu, S.L.U. para o lote 4: “Polo exposto considerase que coa a información e documentación achegada para a xustificación dos custos do lote 4 quen subscribe non pode informar nin favorable nin desfavorablemente a oferta da licitadora Comercial Jelu, S.L.U., sen rebaixar a calidade das prestacións solicitadas no PPT e polo tanto que se poda cumprir ou non o mesmo. Por tanto, a xuízo de quen subscribe e coas consideracións feitas neste documento a licitadora Comercial Jelu, S.L.U, debería xustificar documentalmente o sinalado no seu escrito de xustificación da oferta incurso en valores anormais ou desproporcionados.”

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade:

En canto o Lote 4 Cociña: conceder á licitadora Comercial Jelu, S.L.U, trámite para que, no prazo de tres días hábiles, xustifique documentalmente o sinalado no seu escrito de xustificación da oferta incurso en valores anormais ou desproporcionados.



En canto o Lote 2 Equipos médicos e axudas técnicas: asumir como propio o informe da técnica superior de edificacións e obras, aceptar a xustificación da oferta presentada por Total Ekip S.L. e elevar ao órgano de contratación o seguinte acordo:

1º.- Clasificar as ofertas admitidas atendendo á seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº DE ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	TOTAL EKIP S.L.	100
2	UNIDIX CARE S.L.	85,47
3	GALMEDICA S.L.	84,40

2º.- Requirir á empresa Total Ekip S.L.. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

IMPORTE DE ADXUDICACIÓN (orçamento de licitación sen IVE)	IMPORTE DA GARANTÍA 10%
28.574,57 €	2.857,46 €

12.- Resolución de Presidencia de 27 de xullo de 2022, con CSV IV7DFWYIJBUMXZJ5VFABYXCOY, de clasificación e requirimento de documentación (lotes 1, 3 e 5).

13.- Acta da mesa de contratación, reunida o 18 de agosto de 2022, con CSV IV7AVSJDFB44RROSYQG477YHCE, que acordou o seguinte:

En canto os lotes 1 e 5, as licitadoras presentaron a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola mesa na sesión precedente. Incorporárase

ao expediente certificado ISO 13485 que obra no expediente 2021/CON\_02/000016 desta Deputación, da empresa Industrias Hidráulicas Pardo S.L., certificado do rolece de Somede Suministros Sanitarios, SLU, así como cartas de pago das garantías emitidas pola Tesourería provincial.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles dá acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

En canto o lote 3, a licitadora presentou, a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, inscrición no rexistro de contratistas da Xunta e xustificante de transferencia do importe da garantía. Incorporárase ao expediente certificado do rexistro de contratistas da Xunta, certificado da recadación da Deputación e carta de pago da garantía emitida pola Tesourería provincial. Non presenta documentos acreditativos da solvencia económica nin da solvencia técnica.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou por unanimidade dos seus integrantes:

Lote 3 Lavandaría:

Requirir a Mariña Clima S.L. para que, no prazo de tres días hábiles presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación seguinte:

Solvencia económica e financeira. Deberá acreditarse por algún dos seguintes medios:

a) Volume anual de negocios, referido ao ano de maior volume de negocios dos tres últimos concluídos. A estes efectos, o volume anual de negocios deberá ser como mínimo unha vez e media o valor anual medio do contrato: 77.782,50 euros.

O volume anual de negocios do licitador ou candidato acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no



devandito rexistro e, en caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

b) Patrimonio neto positivo, ao peche do último exercicio económico para o que estea vencida a obriga de aprobación de contas anuais por importe igual o superior a unidade.

Solvencia técnica ou profesional. Deberá acreditarse polo seguinte medio:

Unha relación dos principais servizos/subministracións de igual o similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato, realizados durante os tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e o destinatario, público ou privado dos mesmos.

Acreditaranse mediante certificados ou visados expedidos polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañada dos documentos obrantes en poder do mesmo que acrediten a realización da prestación; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

O requisito mínimo será que o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior a: 36.298,50 euros.

Significándolle que, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Contra o presente acordo, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.

Lote 1 Mobiliario xeral e Lote 5 Cortinaxe:

A mesa de contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Industrias Hidráulicas Pardo S.L. a contratación da subministración de equipamento para o centro de atención ás persoas maiores de Ribas de Sil, expediente 2022/CON\_02/000044 Lote 1 Mobiliario xeral, por un importe de 131.390,00 € euros, aos que haberá que engadir 27.591,90 euros en concepto de IVE (21 %), o que ascende a un total de 158.981,90 euros e un prazo de garantía para a totalidade dos produtos de 5 anos.

2º.- Adxudicar á empresa Somede Suministros Sanitarios S.L.U. a contratación da subministración de equipamento para o centro de atención ás persoas maiores de Ribas de Sil, expediente 2022/CON\_02/000044 Lote 5 Cortinaxe, por un importe de 10.702,42 €, aos que haberá que engadir 2.247,51 € en concepto de IVE (21 %), o que ascende a un total de 12.949,93 € e un prazo de garantía para a totalidade dos produtos de 5 anos.

3º.- Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

14.- Resolución de 22 de agosto de 2022 de clasificación e requirimento de documentación a Total Ekip S.L. (lote 2), con CSV IV7AWXTLEBFMLZMC6PVUKNTBP4.

15.- Acordo da Xunta de Goberno de data 26 de agosto de 2022, con CSV: IV7AWPZ7LZES5HR7CBWU4MIAEA polo que se aproba o seguinte:

1º.-Adxudicar á empresa Industrias Hidráulicas Pardo S.L. a contratación da subministración de equipamento para o centro de atención ás persoas maiores de Ribas de Sil, expediente 2022/CON\_02/000044 LOTE 1 Mobiliario Xeral, por un importe de 131.390,00 €





euros, aos que haberá que engadir 27.591,90 euros en concepto de IVE (21 %), o que ascende a un total de 158.981,90 euros e un prazo de garantía para a totalidade dos produtos de 5 anos.

2º.- Adxudicar á empresa Somede Suministros Sanitarios S.L.U. a contratación da subministración de equipamento para o centro de atención ás persoas maiores de Ribas de Sil, expediente 2022/CON\_02/000044 Lote 5 Cortinaxe, por un importe de 10.702,42 €, aos que haberá que engadir 2.247,51 € en concepto de IVE (21 %), o que ascende a un total de 12.949,93 € e un prazo de garantía para a totalidade dos produtos de 5 anos.

3º.- A subministración realizarase nunha única entrega para cada un dos lotes, nun prazo máximo de dous (2) meses naturais dende a sinatura da acta de inicio.

4º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

5º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

6º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houberse interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparelhada a suspensión da formalización.

16.- Acta da mesa de contratación, reunida con data 2 de setembro de 2022, con CSV IV7AQDLDEEBZZSN4YEQ46RK6IE, que acordou o seguinte:

A empresa Mariña Clima, S.L. atendeu o requirimento en prazo e subsanou correctamente a documentación relativa á solvencia económica e financeira e técnica e profesional, e tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao

expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

En canto o lote 4, a licitadora Comercial Jelu, S.L.U non atendeu nin presentou en prazo contestación ao requirimento para xustificar documentalmente a súa oferta incursa en valores anormais ou desproporcionados.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade:

En canto o Lote 3- Lavandaría, elevar ao órgano de contratación o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Mariña Clima S.L. a contratación da subministración de equipamento para o centro de atención ás persoas maiores de Ribas de Sil, expediente 2022/CON\_02/000044 Lote 3- Lavandería, por un importe de 49.262,25 euros, aos que haberá que engadir 10.345,07euros en concepto de IVE (21 %), o que ascende a un total de 59.607,32 euros e un prazo de garantía para a totalidade dos produtos de 5 anos.

2º.- Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

En canto o Lote 4- Cociña, elevar ao órgano de contratación o seguinte acordo:

1º.-Excluir á licitadora Comercial Jelu, S.L.U por non xustificar documentalmente a súa oferta incursa en valores anormais ou desproporcionados.

2º.-Clasificar as ofertas admitidas atendendo á seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº DE ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	MARIÑA CLIMA, S.L.	92,45
2	ALARSA HOSTELERÍA S.L.	90,03
3	INDUX INTEGRA S.L.	88,96
4	COMERCIAL CASAL S.L.	82,45



3º.-Requirir a Mariña Clima S.L.para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas - sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

LICITADOR	LOTE	PREZO DE ADXUDICACIÓN	IMPORTE DA GARANTÍA DEFINITIVA 5%
MARIÑA CLIMA S.L.	4	63.213,95	3.160,70 €

17.- Resolución de 9 de setembro de 2022, con CSV, de exclusión de Comercial Jelu, S.L.U e clasificación e requirimento de documentación a Mariña Clima, S.L. (lote 4), con CSV IV7AWXTLEBFMLZMC6PVUKNTBP4.

18.- Acta da mesa de contratación, reunida o 12 de setembro de 2022, con CSV IV7ARUCKFV45WSPD6QOWCRB6MM, que acordou o seguinte:

Celébrase Mesa de Contratación aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, presentada pola empresa Total Ekip S.L. para o lote 2 da licitación e infórmase que:

A licitadora presentou, a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación, a excepción do certificado de sistema de xestión da calidade de produtos sanitarios ISO 13.485, esixido no PCAP (letra M do cadro resumo).

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou por unanimidade dos seus integrantes:

Requirir a Total Ekip S.L. para que, no prazo de tres días hábiles presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación seguinte:

ISO 13.485.: Certificado de Sistema de Xestión da Calidade de Produtos Sanitarios. Dita obriga poder-se acreditar mediante certificado ISO da propia empresa ou mediante ISO do fabricante daqueles produtos sanitarios en cuestión.

19.- Acta da mesa de contratación, reunida o 19 de setembro de 2022, con CSV IV7ASECODHXPYX4IYPVB57ZHMY, que acordou o seguinte:

A empresa Total Ekip S.L. atendeu o requirimento en prazo e subsanou correctamente a documentación, informando sobre o cumprimento o Servizo de Benestar Social e Igualdade. Tendo en conta que, aos membros da mesa, de forma previa á celebración da mesma, se lles dá acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso, enténdese que a documentación presentada é correcta.

A mesa de contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Total Ekip S.L. a contratación da subministración de equipamento para o centro de atención ás persoas maiores de Ribas de Sil, expediente 2022/CON\_02/000044 Lote 2 Equipos médicos e axudas técnicas, por un importe de 28.574,57 €, aos que haberá que engadir 6.000,66 € en concepto de IVE (21% e 10% segundo os casos, detallados no Anexo III da Memoria Xustificativa), o que ascende a un total de 34.575,23 € e un prazo de garantía para a totalidade dos produtos de 5 anos.

2º.- Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Reunida a mesa de contratación o día de hoxe, 30 de setembro de 2022, para proceder ao exame de documentación presentada por Mariña Clima, S.L. para o lote 4 cociña, acorda o seguinte:



A empresa Mariña Clima, S.L. atendeu o requirimento de documentación do artigo 150 da LCSP para o lote 4 en prazo e, tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles dá acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

Visto canto antecede, así como o acordado nas mesas de contratación celebradas en datas 2 de setembro (lote 3) e 19 de setembro (lote 2), a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade:

1º.- Adxudicar á empresa Total Ekip S.L. a contratación da subministración de equipamento para o centro de atención ás persoas maiores de Ribas de Sil, expediente 2022/CON\_02/000044 Lote 2- Equipos médicos e axudas técnicas, por un importe de 28.574,57 euros, aos que haberá que engadir 6.000,66 euros en concepto de IVE (21% e 10% segundo os casos, detallados no Anexo III da Memoria Xustificativa), o que ascende a un total de 34.575,23 euros e un prazo de garantía para a totalidade dos produtos de 5 anos.

2º.- Adxudicar á empresa Mariña Clima S.L. a contratación da subministración de equipamento para o centro de atención ás persoas maiores de Ribas de Sil, expediente 2022/CON\_02/000044 Lote 3- Lavandería, por un importe de 49.262,25 euros, aos que haberá que engadir 10.345,07 euros en concepto de IVE (21 %), o que ascende a un total de 59.607,32 euros e un prazo de garantía para a totalidade dos produtos de 5 anos.

3º.- Adxudicar á empresa Mariña Clima S.L. a contratación da subministración de equipamento para o centro de atención ás persoas maiores de Ribas de Sil, expediente 2022/con\_02/000044 Lote 4- Cociña , por un importe de 63.213,95 euros, aos que haberá que engadir 13.274,93 euros en concepto de IVE (21 %), o que ascende a un total de 76.488,88 euros e un prazo de garantía para a totalidade dos produtos de 5 anos.

4º.- Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Adxudicar á empresa Total Ekip S.L. a contratación da subministración de equipamento para o centro de atención ás persoas maiores de Ribas de Sil, expediente 2022/CON\_02/000044 Lote 2- Equipos médicos e axudas técnicas, por un importe de 28.574,57 euros, aos que haberá que engadir 6.000,66 euros en concepto de IVE (21% e 10% segundo os casos, detallados no Anexo III da Memoria Xustificativa), o que ascende a un total de 34.575,23 euros e un prazo de garantía para a totalidade dos produtos de 5 anos.

**2º.-** Adxudicar á empresa Mariña Clima S.L. a contratación da subministración de equipamento para o centro de atención ás persoas maiores de Ribas de Sil, expediente 2022/con\_02/000044 Lote 3- Lavandería , por un importe de 49.262,25 euros, aos que haberá que engadir 10.345,07euros en concepto de IVE (21 %), o que ascende a un total de 59.607,32 euros e un prazo de garantía para a totalidade dos produtos de 5 anos.

**3º.-** Adxudicar á empresa Mariña Clima S.L. a contratación da subministración de equipamento para o centro de atención ás persoas maiores de Ribas de Sil, expediente 2022/CON\_02/000044 Lote 4- Cociña, por un importe de 63.213,95 euros, aos que haberá que engadir 13.274,93 euros en concepto de IVE (21 %), o que ascende a un total de 76.488,88 euros e un prazo de garantía para a totalidade dos produtos de 5 anos.

**4º.-** A subministración realizarase nunha única entrega para cada un dos lotes, nun prazo máximo de dous (2) meses naturais dende a sinatura da acta de inicio.

**5º.-** Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

**6º.-** Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.



7º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houberse interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

#### **4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS PRESTACIÓNS A PERSOAS MAIORES NO CENTRO DE ATENCIÓN A MAIORES DE NAVIA DE SUARNA.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a acta da mesa de contratación do día 30 de setembro de 2022, na que se recolle o seguinte:

“Antecedentes:

1. Providencia de inicio de expediente de contratación, con CSV: IV7DYLRSPZZ5ZGPZ6IF5L4LOCU<sup>3</sup>.
2. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7DZWYJJ7D5GZ2UPQAG4RUO4.
3. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7DZTTP2BMT7S75WDVT4MBGOE.
4. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7DZTTMJF4DXW7ZVUQNEZCDJ4.
5. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7D2STPHUWJRFECQIPREYAA6Q.

---

<sup>3</sup>Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

6. Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7D2STCZMOLUX466RXNGR7HAM.

7. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7D2QJJANJV6PLZUNEJYARPY.

8. Acordo da Xunta de Goberno de data 8 de xullo de 2022, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7D2GQNDMB3SSN52Q4R4MBRKI.

9. Acta da Mesa de contratación do día 12 de agosto de 2022, con CSV IV7AUK7YHH5D56PPVRW5ODYDEQ, que acordou o seguinte:

Pola Presidencia dáse conta que, no Servizo de Contratación, con carácter previo á constitución da Mesa, de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura dos sobres que conteñen a declaración responsable sobre cumprimento de requisitos previos, dos licitadores concorrentes a esta licitación, que segundo os datos obrantes na plataforma de contratación do sector público é a seguinte: Troncoso Casares, S.L.

Dada conta ao órgano de asistencia, a través da súa presidencia, de ditas actuacións previas, enterado este, e considerando que todas as empresas concorrentes presentaron dentro do prazo concedido a tales efectos as súas propostas, a mesa de contratación procede á cualificación da documentación do sobre que contén a declaración do cumprimento dos requisitos previos, cos seguintes resultados: O Anexo I presentado pola empresa Troncoso Casares, S.L. axústase aos requisitos recollidos no PCAP, polo que se acorda admitir a esta empresa.

A mesa de contratación acorda proceder á apertura do sobre electrónico da licitadora admitida, relativo aos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor, recollidos no PCAP, resultando que a licitadora presenta a memoria técnica seguindo o índice previsto nos pregos.

A Mesa acorda enviar a documentación contida en ditos sobres a informe e valoración do Servizo de Benestar Social e Igualdade da Deputación de Lugo.





10. Acta da Mesa de Contratación con CSV IV7AQ773GFR4LGRNYNEV55BCII, reunida o 2 de setembro de 2022, que acordou o seguinte:

O Presidente da conta do informe con CSV: IV7AVTDODH67J35N4LYFAMKQK4, emitido pola xefa de servizo de Benestar Social e Igualdade da Deputación de Lugo, Silvia García López, en relación aos criterios baseados en xuízos de valor da proposición presentada pola única empresa licitadora neste procedemento, Troncoso Casares, S.L., atribuíndolle a seguinte puntuación:

LICITADOR	CALIDADE PRESTACIONAL: PROPOSTA TÉCNICA VINCULADA CO PLAN DE TRABALLO	CALIDADE TÉCNICA DA PROPOSTA DOS PRODUTOS ALIMENTICIOS NO ÁMBITO DA SUSTENTABILIDADE E DA CALIDADE	PUNTUACIÓN
TRONCOSO CASARES S.L.	17,50 puntos	9,50 puntos	27 puntos

A mesa de contratación acorda proceder á apertura do sobre electrónico da licitadora admitida, relativo aos criterios cuantificables mediante cifras, porcentaxes ou valores automáticos, recollidos no PCAP, resultando que a licitadora presenta a seguinte oferta.

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN PUNTUACIÓN MÁXIMA 100 PUNTOS	
A. CRITERIOS CUANTIFICABLES MEDIANTE CIFRAS, PORCENTAXES OU VALORES AUTOMÁTICOS	
CRITERIO Nº 1: OFERTA ECONÓMICA: PREZO	30
Persoa usuaria servizo residencial valorada como autónoma: 5 puntos	
Persoa Usuaria servizo residencial valorada como dependente: 25 puntos	
CRITERIO Nº 2: COMPROMISO CONTRATACIÓN PERSOAL POLA AXENCIA COLOCACIÓN	8
CRITERIO Nº 3: COMPROMISO DE HORAS FORMATIVAS(A MAIORES DOS PPT) Ó PERSOAL EN USO DE AXUDAS TÉCNICAS, MOBILIZACIÓNS DE PERSOAS USUARIAS, PRIMEIROS AUXILIO (A MAIORES DO ESTIPULADO NOS PPT) DETECCIÓN DE FACTORES DE RISCO EN PERSOAS USUARIAS E PREVENCIÓN DE ACOSO LABORAL E FOMENTO DE TRABALLO EN EQUIPO	8
CRITERIO Nº 4: PRESTACIÓNS COMPLEMENTARIAS OFERTADAS, NON INCLUÍDAS DENTRO DO OBXECTO DO CONTRATO.	14
CRITERIO Nº 5: OFERTA DE EVENTOS E FESTEXOS	10
A. TOTAL CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS	70

Oferta presentada por Troncoso Casares, S.L:

Comprométese ao cumprimento e execución do contrato polos seguintes prezos unitarios:

CAM NAVIA DE SUARNA	Prezo unitario	IVE (4%)	Prezo IVE (persoa/día/ unidade)
Persoa usuaria servizo residencial valorada como autónoma	49,99	2,00	51,99
Persoa usuaria servizo residencial valorada como dependente	53,49	2,14	55,63

Criterio nº 2 : Compromiso contratación persoal pola axencia colocación.

Compromiso de realizar toda a nova contratación de persoal para a execución do contrato a través da Axencia de Colocación da Deputación de Lugo: (marcar cunha X o que corresponda)	<input checked="" type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON
----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	----------------------------------------	------------------------------

Criterio nº 3: Compromiso de horas formativas. So se debe marcar un. En caso de marcar varios, terase en conta a mellor oferta.

HORAS	Marcar con x o que corresponda
Plan de formación mínimo 10 horas/ano por traballador/a	
Plan de formación de $\geq 11$ e $< 20$ e horas/ano por traballador/a	
Plan de formación de $\geq 20$ e $< 50$ horas/ano por traballador/a	
Plan de formación de $\geq 50$ horas/ano por traballador/a	X

Criterio nº 4: Compromiso de prestacións complementarias para as persoas usuarias. So se debe marcar un de depilación/barbería e un de quiropodia. En caso de marcar varios, terase en conta a mellor oferta.

PRESTACIÓNS COMPLEMENTARIAS AO MES DEL BALDE PARA PERSOA USUARIA. Técnicas de depilación/barbería	Marcar con x o que corresponda
1 técnica de salón de peiteado e 1 técnica de depilación/barbería	
2 técnicas de salón de peiteado e 1 técnica de depilación/barbería	X

PRESTACIÓNS COMPLEMENTARIAS AO MES DEL BALDE PARA PERSOA USUARIA Sesión de quiropodia	Marcar con x o que corresponda
1 sesión de quiropodia	
2 sesións de quiropodia	X

Criterio nº 5: Oferta de eventos e festexos. So se debe marcar un. En caso de marcar varios, terase en conta a mellor oferta.

CRITERIOS	nº/ano	Marcar con x o que corresponda
Evento extra amenizado con actividades, persoal, actuacións, música, grupos de baile, teatro, ou similar, con ágape.	1	
	2	
	3	
	4	X

A Mesa comprobou que ningún dos prezos está incurso en oferta desproporcionada ou anormalmente baixa e acordou realizar a valoración das ofertas.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade:

Asumir como propio o informe emitido pola xefa de servizo de Benestar Social e Igualdade da Deputación de Lugo .

Outorgar as seguintes puntuación á oferta presentada por Troncoso Casares, S.L.:



Puntuacións da oferta técnica:

CALIDADE PRESTACIONAL: PROPOSTA TÉCNICA VINCULADA CO PLAN DE TRABALLO	CALIDADE TÉCNICA DA PROPOSTA DOS PRODUTOS ALIMENTICIOS NO ÁMBITO DA SUSTENTIBILIDADE E DA CALIDADE	PUNTUACIÓN TOTAL
17,50 PUNTOS	9,50 PUNTOS	27 PUNTOS

Puntuación da oferta de criterios de adjudicación avaliados mediante fórmulas.

PREZO	CRITERIO 2	CRITERIO 3	CRITERIO 4	CRITERIO 5	PUNTUACIÓN TOTAL
30 PUNTOS	8	8	14	10	70 PUNTOS

Puntuación total (Oferta técnica+Oferta económica) 97puntos.

A Mesa de Contratación acorda elevar ao órgano de contratación o seguinte acordo:

1º.- Requirir á empresa Troncoso Casares, S.L., para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

IMPORTE DE ADJUDICACIÓN (orçamento de licitación sen IVE)	IMPORTE DA GARANTÍA 5 %
726.514,90 €	36.325,75€

Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.

11. Resolución de Presidencia de 9 de setembro de 2022, con CSV IV7AQOKJNQ7PTDUCW3WRGMLBC4, de clasificación e requirimento de documentación.

Reunida a Mesa de contratación o día de hoxe, 30 de setembro de 2022, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora proposta como adxudicataria presentou, a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente:

A empresa proposta como adxudicataria presenta, entre outros documentos, escritura de elevación a público dos seguintes acordos sociais (escritura número 1664, outorgada en Ourense, ante a Notaría do Ilustre Colexio Notarial de Galicia, María Isabel Louro García, en data 26 de agosto de 2022): cese de administrador, cambio de sistema de administración, nomeamento de administradora única e modificación da denominación social, que pasará a ser “Troncoso Servicios Sociosanitarios, S.L.”, subsistindo a personalidade xurídica da sociedade, así como obxecto social e demais circunstancias identificadoras da mesma, como se pon de manifesto na propia escritura.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles dá acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Troncoso Servicios Sociosanitarios, S.L (anteriormente denominada Troncoso Casares, S.L.), a contratación das prestacións a persoas maiores no centros de atención maiores de Navia de Suarna. 2022/CON\_02/000059, polo importe de 726.369,60 €, ao que se aplicará un IVE do 4%, 29.054,78 €, o que fai un total de 755.424,38 €, e duración dun ano, coa a seguinte oferta do adxudicatario:



CRITERIO 1: OFERTA ECONÓMICA PRESTACIÓN EN ATENCIÓN RESIDENCIAL	Prezo unitario sen IVE
Persoa usuaria con autonomía	49,99 €/día
Persoa usuaria dependente	53,49 €/día
CRITERIO 2. Compromiso de realizar toda a contratación de persoal para a execución do contrato a través da Axencia de Colocación da Deputación de Lugo: SI	
CRITERIO 3. COMPROMISO DE HORAS FORMATIVAS: Plan de formación de $\geq 50$ horas/ano por traballador/a	
CRITERIO 4. Prestacións complementarias ao mes del balde para persoa usuaria	
2 técnicas de salón de peiteado e 1 técnica de depilación/barbería	
2 sesións de quiropodia	
CRITERIO 5. OFERTA DE EVENTOS E FESTEXOS: 4 eventos	

2º.- Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Troncoso Servicios Sociosanitarios, S.L (anteriormente denominada Troncoso Casares, S.L.), a contratación das prestacións a persoas maiores no centros de atención maiores de Navia de Suarna. 2022/CON\_02/000059, polo importe de 726.369,60 €, ao que se aplicará un IVE do 4%, 29.054,78 €, o que fai un total de 755.424,38 €, e duración dun ano, coa a seguinte oferta do adxudicatario:

CRITERIO 1: OFERTA ECONÓMICA PRESTACIÓN EN ATENCIÓN RESIDENCIAL	Prezo unitario sen IVE
Persoa usuaria con autonomía	49,99 €/día
Persoa usuaria dependente	53,49 €/día
CRITERIO 2. Compromiso de realizar toda a contratación de persoal para a execución do contrato a través da Axencia de Colocación da Deputación de Lugo: SI	
CRITERIO 3. COMPROMISO DE HORAS FORMATIVAS: Plan de formación de $\geq 50$ horas/ano por traballador/a	
CRITERIO 4. Prestacións complementarias ao mes del balde para persoa usuaria	
2 técnicas de salón de peiteado e 1 técnica de depilación/barbería	
2 sesións de quiropodia	
CRITERIO 5. OFERTA DE EVENTOS E FESTEXOS: 4 eventos	

2º.- A distribución por anualidades é a seguinte, tendo en conta a data prevista de inicio, en novembro de 2022:

CAM	APLICACIÓN	TOTAL	2022 (2 meses)	2023 (10 meses)
Navia de Suarna	2315.22799	755.424,38 €	125.904,06 €	629.520,32 €

Existe consignación nas Aplicacións Orzamentarias que se indican, do orzamento de gastos do 2022, polas cantidades indicadas, para a anualidade 2022.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2023 as cantidades indicadas, nas aplicacións sinaladas.

**3º.-** A duración do contrato é dun ano, coa posibilidade de tres prórrogas mais de 1 ano + 1 ano + ata 9 meses de duración máxima, tendo en conta os compromisos establecidos nos convenios marcos e específicos entre a Deputación de Lugo e os Concellos tanto a efectos económicos como a efectos de vixencia, a cal remataría o 20.06.2026.

**4º.-** Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

**5º.-** Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

**6º.-** Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houberse interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



**5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS PRESTACIÓNS A PERSOAS MAIORES NOS CENTROS DE ATENCIÓN MAIORES DE RIBAS DE SIL E MEIRA.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a acta da mesa de contratación do día 30 de setembro de 2022, na que se recolle o seguinte:

“Antecedentes:

1. Providencia de inicio de expediente de contratación, con CSV: IV7DRXJCAEX2KWWDCEQXIE7P6Q<sup>4</sup>.

2. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7DSTDONX5YTCRN2M6444SF4Y.

3. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7D4TXLZ4UNQTGI4VXBI5BBAI.

4. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7DRXRIO DR4WVFJWBADOEPBCA.

5. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7D4TXLZ4UNQTGI4VXBI5BBAI.

6. Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7D4TYJFNU75XNPYJYQO3XD7Y.

7. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7D4XQIYH6KYTBSCNHQIEQG6Q.

8. Acordo da Xunta de Goberno de data 10 de xuño de 2022, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7D6WA6JFOIXBFYWQQ54LQSI A.

9. Acta da Mesa de contratación do día 19 de xullo de 2022, con CSV IV7DE6JO3H477SXKSU7UC5KSJY, que acordou o seguinte:

---

<sup>4</sup>Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Pola Presidencia dáse conta que, no Servizo de Contratación, con carácter previo á constitución da Mesa, de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura dos sobres que conteñen a declaración responsable sobre cumprimento de requisitos previos, dos licitadores concorrentes a esta licitación que, segundo os datos obrantes na plataforma de contratación do sector público son os seguintes:

LICITADOR	LOTES AOS QUE SE PRESENTA
TRONCOSO CASARES S.L.	1,2
SOTO Y CID S.L.	1
CK SENIOR GESTIÓN S.L.	2

Dada conta ao órgano de asistencia, a través da súa presidencia, de ditas actuacións previas, enterado este, e considerando que todas as empresas concorrentes presentaron dentro do prazo concedido a tales efectos as súas propostas, a mesa de contratación procede á cualificación da documentación do sobre que contén a declaración do cumprimento dos requisitos previos, resultando que todas as licitadoras presentan a declaración responsable esixida nos PCAP debidamente cumprimentada e asinada, co que se procede á admisión de todas as propostas.

Acto seguido a Mesa de contratación acorda proceder á apertura dos sobres electrónicos de todas as licitadoras admitidas, relativo aos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor, recollidos no PCAP, resultando que as licitadoras presentan a memoria técnica, seguindo o índice previsto nos pregos.

A Mesa acorda enviar a documentación contida en ditos sobres a informe e valoración do Servizo de Benestar Social e Igualdade da Deputación de Lugo.

10. Acta da Mesa de Contratación con CSV IV7AQDLZHV6YTXZZUBGDEN7DCQ, reunida o 2 de setembro de 2022, que acordou o seguinte:

O Presidente da conta do informe con CSV:IV7AVS7ZH442XSX4CAUS65D7IA, emitido polaxefa de servizo de Benestar Social e Igualdade da Deputación de Lugo, Silvia García López, en relación aos criterios baseados en xuízos de valor das proposicións presentadas polas empresas licitadoras neste procedemento, atribuíndolles a seguinte puntuación:





Lote 1 CAM Ribas de Sil.

LICITADORES	CALIDADE PRESTACIONAL: PROPOSTA TÉCNICA VINCULADA CO PLAN DE TRABALLO	CALIDADE TÉCNICA DA PROPOSTA DOS PRODUTOS ALIMENTICIOS NO ÁMBITO DA SUSTENTIBILIDADE E DA CALIDADE	PUNTUACIÓN TOTAL
SOTO Y CID S.L.	6,00	0,50	6,50
TRONCOSO CASARES S.L.	17,50	9,50	27,00

Lote 2 CAM Meira.

LICITADORES	CALIDADE PRESTACIONAL: PROPOSTA TÉCNICA VINCULADA CO PLAN DE TRABALLO	CALIDADE TÉCNICA DA PROPOSTA DOS PRODUTOS ALIMENTICIOS NO ÁMBITO DA SUSTENTIBILIDADE E DA CALIDADE	PUNTUACIÓN TOTAL
CK SENIOR GESTIÓN S.L.	17,00	7,00	24,00
TRONCOSO CASARES S.L.	17,50	9,50	27,00

A mesa de contratación acorda proceder á apertura dos sobres electrónicos das licitadoras admitidas, relativos aos criterios cuantificables mediante cifras, porcentaxes ou valores automáticos, recollidos no PCAP, resultando que a licitadora presenta a seguinte oferta.

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN PUNTUACIÓN MÁXIMA 100 PUNTOS	
A. CRITERIOS CUANTIFICABLES MEDIANTE CIFRAS, PORCENTAXES OU VALORES AUTOMÁTICOS	
CRITERIO Nº 1: OFERTA ECONÓMICA: PREZO	30
CRITERIO Nº 2: COMPROMISO CONTRATACIÓN PERSOAL POLA AXENCIA COLOCACIÓN	8
CRITERIO Nº 3: COMPROMISO DE HORAS FORMATIVAS(A MAIORES DOS PPT) Ó PERSOAL EN USO DE AXUDAS TÉCNICAS, MOBILIZACIÓNS DE PERSOAS USUARIAS, PRIMEIROS AUXILIO (A MAIORES DO ESTIPULADO NOS PPT) DETECCIÓN DE FACTORES DE RISCO EN PERSOAS USUARIAS E PREVENCIÓN DE ACOSO LABORAL E FOMENTO DE TRABALLO EN EQUIPO	8
CRITERIO Nº 4: PRESTACIÓNS COMPLEMENTARIAS OFERTADAS, NON INCLUÍDAS DENTRO DO OBXECTO DO CONTRATO.	14
CRITERIO Nº 5: OFERTA DE EVENTOS E FESTEXOS	10
TOTAL CRITERIOS CUALITATIVOS MEDIANTE FÓRMULA MATEMÁTICA	
A. TOTAL CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS	70

Ofertas presentadas para o Lote 1: CAM Ribas de Sil.

Soto y Cid, S.L.

Criterio nº1: Prezos unitarios.

CAM RIBAS DE SIL LOTE 1	Prezo unitario	IVE (4%)	Prezo IVE (persoa/día/ unidade)
**1º.-** Adxudicar a Taxo Valoración, S.L. con CIF B96735576, o Lote 1 da contratación do servizo de valoracións de bens e dereitos relativos a procedementos seguidos polo servizo de Patrimonio da Deputación Provincial de Lugo, expediente 2022/CON\_02/000032, polo importe máximo total de 18.000,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 3.780,00 €, o que fai un total de 21.780,00 € para un ano de contrato, cun desconto do 51% sobre os prezos unitarios establecidos no Prego de prescricións técnicas segundo a oferta presentada polo licitador, comprometéndose a realizar a entrega dos informes requiridos no prazo de 5 días naturais e a realización de 6 taxacións sen custo.

**2º.-** Adxudicar a Taxo Valoración, S.L. con CIF B96735576, o Lote 2 da contratación do servizo de valoracións de bens e dereitos relativos a procedementos seguidos polo servizo de Xestión Tributaria, Recadación e Inspección da Deputación Provincial de Lugo, expediente 2022/CON\_02/000032, polo importe máximo total de 18.000,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 3.780,00 €, o que fai un total de 21.780,00 € para un ano de contrato, cun desconto do 51% sobre os prezos unitarios establecidos no Prego de prescricións técnicas segundo a oferta presentada polo licitador, comprometéndose a realizar a entrega dos informes requiridos no prazo de 5 días naturais e a realización de 6 taxacións sen custo.

**3º.-** O importe do contrato financiase de acordo o seguinte detalle:

LOTES	APLICACIÓN	IMPORTE 2022	A/22	IMPORTE 2023	A/23
1 – PATRIMONIO	9200.22706	10.890,00	92022/3659	10.890,00	920229/283
2 – RECADACIÓN	9320.22706	10.890,00	92022/3660	10.890,00	920229/284

O gasto financiarase con cargo as anualidades 2022 e 2023, para a anualidade 2022 figura crédito dispoñible suficiente, e para a anualidade 2023 a Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos de 2023 as cantidades indicadas, nas aplicacións sinaladas.



4º.- Un (1) ano, prorrogable por anualidades, sen que a duración total, incluídas as prórrogas, exceda dos (4) anos. Este prazo empezará a contar a partir da subscripción da acta de inicio da prestación do servizo, ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato; salvo circunstancias excepcionais non previstas, en aplicación do artigo 153 da LCSP.

5º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

6º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

7º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houberse interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA LICITACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.**

*Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: POL- CASTROVERDE.- Construción de ponte sobre o río Azúmara, ensanche e mellora da LU-P-1611 “Cinturón comarcal”, P.K. 106+500 a 107+887.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: POL-CASTROVERDE.- Construción de ponte sobre o río Azúmara, ensanche e mellora da LU-P-1611 “Cinturón comarcal”, P.K. 106+500 a 107+887, consta no mesmo:

Proxecto da obra POL- CASTROVERDE.- Construción de ponte sobre o río Azúmara, ensanche e mellora da LU-P-1611 “Cinturón comarcal”, P.K. 106+500 a 107+887, con CSV: IV7ATTC4DFEN76EK6J4M4RCDCQ.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7ATTAKHEWNLXETUZAEOLT6PY.

Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7AS6R6HZUMVSGSABQV4FLWKE.

Informe de Supervisión, emitido polo Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos en data 23/09/2022, con CSV: IV7ATWXNPH757TF4SYQGO4PFKY.

Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7AS6RC3RXJJ6BIRXU4EUPE6M.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7ATWI5JFJITBFCQMXTN5S7L4.

Informe- proposta do Servizo de Vías e Obras relativo a subscrición de póliza seguro todo risco construción.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7A4MC2JF4RSG5UYERCLZPGM.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7A4MC3BQMLLGGPUFXWKRIBN4.

Fiscalización limitada previa do expediente, con observacións e/ou accións complementarias

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: POL- CASTROVERDE.- Construción de ponte sobre o río Azúmara, ensanche e mellora da LU-P-1611 “Cinturón Comarcal”, P.K. 106+500 a 107+887, con informe de





supervisión favorable, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adjudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 513.605,60 €, dos cales 89.138,16€ corresponden ao IVE (21%), conforme ás seguintes anualidades:

ANUALIDADE	FINANCIACIÓN		
	APLICACIÓN	IMPORTE	RC
2022	4530.619	51.360,56€	22022/28592
2023		462.245,04€	220229/485
TOTAL		513.605,60€	

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade de 2023 a cantidade indicada nas aplicacións sinaladas.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.**

**Primeiro.-** *Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Trabada para cooperar no financiamento da “Pavimentación de accesos en A Ravexa (a ría de Abres) e A Igrexa (Sante)” ano 2022.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente de establece o seguinte:

“Asunto: Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Trabada para cooperar no financiamento da “Pavimentación de accesos en A Ravexa (a ría de Abres) e A Igrexa (Sante)” ano 2022.

Visto o escrito remitido dende o Concello de Trabada (EXP-2022/PES\_03/018308) no que solicita a formalización dun convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Traada para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “pavimentación de accesos en a Ravexa (A Ría de Abres) e a Igrexa (Sante)”, por importe total de 50.508,61€ (dos que os 49.296,41 € serán financiados pola Deputación de Lugo e 1.212,20 € serán financiados polo Concello de Trabada), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emétese informe favorable en base ás seguintes consideracións:

Consideracións xurídico administrativas.

Lexislación de réxime local.

Primeira.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos



administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se llas encomenden.”

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Segunda.- A lexislación de réxime local é consecuenta coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL ,ao sinalar que: “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)” 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceira.- No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as

Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Cuarta.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.

Primeira.- No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.



Segunda.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Terceira.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarta.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

1. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

2. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”.

Quinta.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

“1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.

2. O seu impacto económico cuantificado.

3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.

4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”.

Sexta.- Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.



Sétima.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

### Conclusiones.

En base ao anteriormente exposto:

Primeira.- As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: “Non se entenderá como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...”e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997,

conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Segunda.- Pola súa banda, o Municipio de Trabada, consonte ao artigo 25 da LRBRL:

“Para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo. O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: (...) d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade (...).

Terceira.- Existen títulos competenciais propios para articular e ordenar unha cooperación administrativa (art 9 da Lei 3/2012 de Galicia).

No convenio concretase o seu ámbito territorial e a entidade que debe asumir os seus resultados e reflicte o contido pautado no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro (LRXSP).

Cuarta.- O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adjudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervincentes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e





sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que: “As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual: (...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Quinta.- Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

Sexta.- Consta informe de consignación orzamentaria, por importe de 49.296,41€, na aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.

Setima.- O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020).

Así pois a proposta de aprobación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos polo que se informa favorablemente.”

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Trabada para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Pavimentación de accesos en a Ravexa (A Ría de Abres) e a Igrexa (Sante)”, por importe total de 50.508,61€ (dos que os 49.296,41 € serán financiados pola Deputación de Lugo e 1.212,20 € serán financiados polo Concello de Trabada).

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 49.296,41 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Segundo.-** *Modificación do convenio do Concello de Ribadeo “Senda ciclable para a mocidade”.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“Asunto: Modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribadeo, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Creación dunha senda ciclable segura para a mocidade no Concello de Ribadeo” (Aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 6 de agosto de 2021).

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo acordou, o 6 de agosto de 2021, a aprobación do convenio que se reflicte no encabezamento, o cal foi asinado entre as partes o día 9 do mesmo mes.

O 19 de setembro de 2022, ao abeiro do disposto na cláusula oitava do citado convenio, o representante do Concello de Ribadeo presentou no SIR escrito no que, tras expoñer os motivos nos que funda o seu dereito, solicitou a tramitación do correspondente procedemento de modificación do convenio de referencia, no que atinxe a:

O número 7 da letra B da cláusula terceira, relativo ao prazo de execución, para establecer unha nova data límite de realización das obras, que quedaría fixada no 2 de decembro de 2022.



O primeiro parágrafo da cláusula quinta, establecendo un novo prazo de xustificación con data 15 de decembro de 2022.

Examinada a solicitude, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, tendo en conta as disposicións legal, regulamentaria e convencionalmente establecidas, emitiuse informe favorable ás citadas modificacións, o 19 de setembro do 2022.

Así mesmo, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, tendo en conta que mediaba a vontade das partes e que o convenio estaba vixente e que recollía a posibilidade da súa modificación, emitiuse informe xurídico favorable á mesma, no senso indicado no informe e nos borradores de proposta e addenda remitidos dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, o 21 de setembro de 2022.

Polo exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Modificación das cláusulas terceira (Obrigas, compromisos e facultades das partes) e quinta (Xustificación da achega económica) do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribadeo, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Creación dunha senda ciclable segura para a mocidade no Concello de Ribadeo”, asinado polas partes o 9 de agosto de 2021, nos termos da addenda que figura no expediente, manténdose inalteradas o resto das cláusulas daquel.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Terceiro.-** *Modificación do convenio do Concello de Ribadeo “Acondicionamento barrio de A Pega”.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“Asunto: Modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribadeo, para a realización conxunta dunha actividade, “Acondicionamento e renovación do barrio da Pega e da rúa río de Amalló”, para o fin común de mellora da infraestrutura viaria municipal (Aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 10 de decembro de 2021).

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo acordou, o 10 de decembro de 2021, a aprobación do convenio que se reflicte no encabezamento, o cal foi asinado entre as partes o día 13 do mesmo mes.

O 19 de setembro de 2022, ao abeiro do disposto na cláusula sétima do citado convenio, o representante do Concello de Ribadeo presentou no SIR escrito no que, tras expoñer os motivos nos que funda o seu dereito, solicitou a tramitación do correspondente procedemento de modificación do convenio de referencia, no que atinxe a:

O número 5 da letra B da cláusula terceira, relativo ao prazo de execución, para establecer unha nova data límite de realización das obras, que quedaría fixada no 30 de novembro de 2022.

O primeiro parágrafo da cláusula quinta, establecendo un novo prazo de xustificación con data 15 de decembro de 2022.

Examinada a solicitude, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, tendo en conta as disposicións legal, regulamentaria e convencionalmente establecidas, emitiuse informe favorable ás citadas modificacións, o 19 de setembro do 2022.

Así mesmo, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, tendo en conta que mediaba a vontade das partes e que o convenio estaba vixente e que recollía a posibilidade da súa modificación, emitiuse informe xurídico favorable á mesma, no senso indicado no informe e nos borradores de proposta e addenda remitidos dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, o 21 de setembro de 2022.



Polo exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Modificación das cláusulas terceira (Obrigas, compromisos e facultades das partes) e quinta (Xustificación da achega económica) do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribadeo, para a realización conxunta dunha actividade, “Acondicionamento e renovación do barrio da Pega e da rúa río de Amalló”, para o fin común de mellora da infraestrutura viaria municipal, asinado polas partes o 13 de decembro de 2021, nos termos da addenda que figura no expediente, manténdose inalteradas o resto das cláusulas daquel.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

#### **9.- PROPOSTA RELATIVA Á TRAMITACIÓN DE PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DEMANIAL DO BEN DE DOMINIO PÚBLICO PROVINCIAL DENOMINADO CLUB NÁUTICO DE PORTOMARÍN.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Tendo en conta que por Resolución da Presidencia, do 25 de febreiro de 2022, iníciase a tramitación do procedemento, para o outorgamento da ocupación do inmovible provincial, que baixo a denominación de Club Náutico de Portomarín, se encontra inscrito ao número vinte e catro, folio corenta e tres, segundo a Certificación de inscrición no Inventario Xeral de Bens e Dereitos e identificado, coa referencia catastral 000300100PH13G0001WK, segundo sinatura emitida baixo o CSV IV7CYLADHFJZZJPD7U6QMQLHAA.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en sesión ordinaria celebrada en data de 8 de abril de 2022, acordou iniciar a tramitación dun procedemento de concorrencia pública para a ocupación privativa, mediante o outorgamento dunha concesión demanial, que permitía a explotación deste inmovible provincial denominado “Club Náutico de Portomarín”, aprobando o prego reitor deste procedemento.

Unha vez rematado o prazo de presentación de ofertas, constitúese a Mesa de Valoración, en data de 27 de maio de 2022, que constatando que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, non se presentaron ofertas neste procedemento polo que acordan, por unanimidade, propoñer ao órgano competente a declaración de deserto do procedemento.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en sesión ordinaria, celebrada en data de 17 de xuño de 2022, declarou deserto o procedemento de concesión demanial do ben de dominio público provincial denominado “Club Náutico Portomarín”.

Aos efectos da tramitación dun novo procedemento para o aproveitamento e explotación deste inmovible provincial, de natureza xurídica de ben demanial, a Secretaría Xeral. Sección de Patrimonio con data do 27 de setembro de 2022 e CSV IV7A437DDVB5XTXD2AFTAUIOIE informa sobre a lexislación aplicable e determinando que o presente procedemento ten por obxecto a ocupación privativa do dominio público provincial cuxa ocupación, incluso mediante obras ou instalacións fixas, permitirá a explotación do denominado Club Náutico Portomarín amparada mediante o outorgamento dunha a concesión demanial.

Ademais, informa que o outorgamento da concesión demanial efectuarase mediante un procedemento, que será de concorrencia pública e adxudicación por concurso, en tanto esta Administración non pretende tanto obter unha renda como promover o uso e explotación do inmovible para cuxo fin redactase o prego reitor coas condicións xerais que servirán de base para a adxudicación da citada concesión demanial, estimando todo elo adecuado á lexislación vixente.

O prego de condicións, que han de rexer o concurso para a concesión demanial deste dominio público, foi asinado con data de 4 de outubro de 2022, baixo o CSV IV7A5T34LEF6J2ZKWBWXC4QCGY.

A Intervención Provincial, con data do 4 de outubro de 2022, baixo o CSV IV7A5QDOHQX23WR72YN4CHTQOQ, emite informe no que conclúe que non se manifesta inconveniente a tramitación do expediente do procedemento de aprobación de concesión demanial para a utilización privativa do ben de dominio público denominado Club Náutico de Portomarín.



Polo exposto, a teor do artigo 59.11 do Regulamento Orgánico propónse á Xunta de Goberno:

1º.- Iniciar a tramitación dun procedemento de concorrencia pública para a ocupación privativa, mediante o outorgamento dunha concesión demanial, que permitirá a explotación do inmovible provincial denominado Club Náutico de Portomarín.

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas que rexerán o procedemento de concorrencia pública e adxudicación por concurso.

3º.- Proceder á convocatoria pública e exposición das bases que regularán o presente procedemento de concesión demanial.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**10.- PROPOSTA DE INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO FRONTE Á RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DE SANIDADE DE DATA 14 DE XULLO DE 2022.**

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Vista a resolución do Conselleiro de Sanidade de data 14 de xullo de 2022 en relación co Expediente: PSC/2021/119 na que resolve: “Desestimar o recurso de alzada interposto pola Deputación Provincial de Lugo con NIF-P27000001, como titular do Servizo Sanitario Centro de Atención a Persoas Maioras (CAM)- Fonsagrada con enderezo na rúa Parque Nº-15- Fonsagrada (Lugo) contra a resolución do secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade de data 9.05.2022, pola que se lle impoñía unha sanción de 3,005,07 euros en base os feitos e fundamentos xurídicos reflectidos na mesma e que reproducense na presente resolución”, e considerando que dita resolución é contraria ós intereses lexítimos desta administración provincial.

Visto, asemade, o informe da Asesoría Xurídica de data 3 de outubro de 2022 relativo á interposición de recurso contencioso administrativo fronte á devandita resolución.

É polo que se propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

A interposición por esta entidade de recurso contencioso administrativo fronte á dita resolución do Conselleiro de Sanidade de data 14 de xullo de 2022.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

#### **11.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

Non se presentan.

#### **12.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.